

Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE TRÁFICO DO CONCELLO DO GROVE

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Exposto ao público o acordo adoptado polo Pleno da corporación na sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017, de aprobación inicial da Ordenanza de tráfico do Concello do Grove, por un prazo de trinta días, que comezou a contar desde o día seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 11/12/2017 para que este puidese ser examinado e se puidesen presentar as reclamacións e suxestións que se considerasen oportunas.

Rematado o referido prazo de exposición pública sen que se presentase reclamación ou suxestión ningunha, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal, considérase definitivamente aprobado o dito acordo, conforme o establecido no artigo 49.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), polo que se publica segundo o disposto no artigo 70.2 da mesma lei, e que é do seguinte teor literal:

ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO DO CONCELLO DO GROVE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade o Concello do Grove dispón dunha ordenanza de tráfico que foi aprobada polo Pleno do 23 de marzo de 1998, cunha modificación no ano 2012 aprobada no Pleno do día 25 de abril na que se incorpora un cadro de sancións.

A dita ordenanza respondía á necesidade de regular a circulación de peóns, vehículos e animais polas vías públicas da vila, así como a distribución dos usos destas.

A evolución do tráfico no Grove nos últimos anos estivo sustentada na priorización do uso do vehículo privado. As vantaxes que este modo de transporte tiña nun principio converteron o seu uso nun dos principais problemas das vilas e cidades. A conxestión, contaminación, ruído, dificultades de estacionamento, etc., son algunhas das consecuencias do uso abusivo do vehículo privado.

Tras dezaoto anos de aplicación da anterior normativa, a experiencia foi frutífera e beneficiosa para a Administración local, o que serviu para facer partícipes a todos os sectores cidadáns implicados dalgún modo na maduración desta necesaria ordenanza.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Por todo isto, queremos traballar no camiño de conseguir unha mobilidade máis sustentable, tendo clara a seguinte priorización: peón, transporte público, bicicletas, motocicletas, ciclomotores e, por último, o vehículo privado.

A Ordenanza está dividida nun título preliminar, doce títulos, dous anexos e unha disposición derogatoria.

No título preliminar está o obxectivo, ámbito de aplicación, competencias do Concello e funcións da Policía Local.

No título primeiro hai unha exhaustiva clasificación das vías e das limitacións á circulación.

No título segundo recompílanse as normas xerais de circulación, a sinalización, o comportamento dos condutores e as medidas para adoptar fronte a un accidente.

No título terceiro, as recomendacións en materia de circulación de vehículos, velocidade, preferencias de paso e adiantamentos.

O título cuarto é específico para peóns.

No título quinto contéplanse as limitacións ao uso das vías públicas, carga e descarga, obras, probas deportivas, actos culturais, festas populares e análogas.

No título sexto recompílanse as normas para seguir en paradas e estacionamentos. Cómpre destacar neste apartado o artigo 84.4, onde se admite o estacionamento de vehículos en zonas de carga e descarga nos días e horas en que non estea activa a reserva (vehículos autorizados).

O título sétimo regula os vaos e rebaixe de bordos.

No título oitavo están as medidas provisionais en materia de inmovilización de vehículos e retirada destes da vía pública.

O título noveno recolle o tratamento residual dos vehículos abandonados.

As bicicletas teñen un apartado específico no título décimo, feito para destacar nesta ordenanza.

O título undécimo recompila normas especiais, ocupacións de vía, etc.

O título duodécimo, o procedemento sancionador e as sancións.

No anexo I clasifícanse as vías.

No anexo II recóllese a tramitación de tarxetas de residentes.

E, por último, a disposición derogatoria, e a súa entrada en vigor.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

PREÁMBULO

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que a ordenanza de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas así como o transporte público de viaxeiros serán competencia das entidades locais, as cales a exercerán dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas.

O texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobada por Real decreto legislativo 6/2015, de 30 de outubro, coas súas sucesivas modificacións e as súas disposicións complementarias, confírenlles aos concellos a competencia para a ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como para a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a sanción destas cando non estea expresamente atribuída a outra administración.

Tamén de conformidade coa Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, o municipio é competente para a regulación, mediante unha ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e o uso peonil das rúas, e sempre dentro do marco das disposicións legais vixentes sobre esta materia.

Finalmente, o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, dispón que o réxime de parada e estacionamento en vías urbanas se regulará por unha ordenanza municipal e poderán adoptarse as medidas necesarias para evitar o entorpecemento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración de estacionamento, así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada de vehículo ou a súa inmovilización cando non se teña provisto do título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do condutor.

Por todo isto, e dentro do marco urbano da mobilidade sostible, segura e saudable, e debido á complexidade crecente do aumento do tráfico rodado xunto coa necesidade de compartir o territorio entre todos os modos de transporte na vila e facelo dunha forma sostible, faise necesario incorporar as novidades normativas neste campo e adaptar estas disposicións de carácter xeral ás peculiares condicións da nosa vila en pleno século XXI, dando un contido eminentemente urbano e pensando nas persoas e nunha mobilidade sostible que mellore a circulación de vehículos e peóns, prestando especial atención ás persoas con mobilidade reducida, o transporte público, á marcha a pé, e uso da bicicleta e outros elementos mecánicos sen motor, así como as áreas da vila con velocidade limitada e as zonas de baixa emisión.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

TÍTULO PRELIMINAR*Obxecto e ámbito de Aplicación. Funcións da Policía Local***ARTIGO 1**

A presente ordenanza dítase en virtude das competencias atribuídas aos municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como polo texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de Motor e seguridade viaria aprobado por Real decreto legislativo 6/2015, de 30 de outubro, cuxo obxecto se expresa no artigo seguinte.

Naquelas materias non reguladas expresamente pola ordenanza ou que regule a autoridade municipal en virtude desta, aplicarase o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

ARTIGO 2

Esta ordenanza ten por obxecto, dentro do termo municipal do Grove:

1. Regular a circulación de todo tipo de vehículos e peóns.
2. Compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico co uso peonil das rúas e regular a realización doutros usos e actividades que afecten á circulación viaria, para preservar e fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.
3. A equitativa distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios, establecer medidas de estacionamento de duración limitada, co fin de garantir a rotación destes, e prestar especial atención ás necesidades das persoas con mobilidade reducida, co fin de favorecer a súa integración social.

ARTIGO 3

Os preceptos desta ordenanza e dos seus anexos serán aplicables en todo o termo municipal do Grove, e obrigarán os titulares e usuarios das vías e terreos públicos aptos para a circulación tanto urbanos, como interurbanos, cando a competencia lle fose cedida ao Concello do Grove, aos das vías e terreos que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Non será de aplicación a presente ordenanza aos camiños, terreos, garaxes, cocheiras ou outros locais de similar natureza, construídos dentro de terreos privados, subtraídos ao uso público e destinados ao uso exclusivo de determinados usuarios.

Naquelas materias non reguladas expresamente por esta ordenanza, aplicarase o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, de 30 de outubro, as súas posteriores modificacións e regulamentos de desenvolvemento.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Os conceptos utilizados para os efectos desta ordenanza e normas complementarias, os conceptos básicos sobre vías públicas, vehículos, sinais e usuarios, serán os indicados no anexo da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, de 30 de outubro.

ARTIGO 4

Correspóndelle á Policía Local do Grove, en materia obxecto da presente ordenanza, as seguintes funcións:

a. A ordenación e sinalización eventual do tráfico, así como a súa dirección, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, así como a instrución de atestados por accidente de circulación nas vías nas que se aplica esta ordenanza.

b. Regular a circulación de vehículos e peóns. Por razóns de seguridade, ou para garantir a fluidez da circulación poderá, eventualmente, modificar a ordenación do tráfico nos lugares onde se produzan concentracións de persoas ou vehículos e tamén en casos de emerxencias. Con este fin procederá á colocación ou retirada da sinalización provisional que estime pertinente, así como á adopción das medidas preventivas oportunas.

c. Formular as denuncias por infraccións que se cometan contra a presente ordenanza, ou texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, de 30 de outubro e demais disposicións complementarias, de acordo coa normativa vixente e coas disposicións que ditén os órganos e as autoridades con competencias en materia de tráfico, así como a inmovilización, retirada da vía e depósito dos vehículos, conforme o establecido legalmente.

d. A realización das probas regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías da súa competencia.

e. A xestión administrativa do Depósito Municipal de Vehículos.

f. A tramitación dos expedientes de vehículos abandonados nas vías públicas do termo municipal.

g. A xestión e emisión das tarxetas de residentes, así como a comprobación de que os seus titulares manteñan as circunstancias e requisitos necesarios é, en caso contrario, propoñer a súa anulación.

h. A xestión e emisión das tarxetas de persoas con discapacidade, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, das do persoal sanitario, así como das tarxetas de estacionamento ás que se refiren os artigos 61 e 64 desta ordenanza.

i. Exercitar as funcións de policía xudicial segundo o establecido na lexislación vixente.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

j. Policía administrativa no relativo a esta ordenanza.

k. A Policía Local, por razóns de seguridade ou de orde pública ou ben para garantir a fluidez da circulación, poderá modificar eventualmente a ordenación existente naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos e tamén en casos de emerxencia. Con este fin poderán colocar ou retirar provisionalmente os sinais precisos, así como tomar as oportunas medidas preventivas.

ARTIGO 5

1. Auxiliares de Policía Local

a. O Concello do Grove poderá encomendarlles a vixilancia, control e denuncia de infraccións en materia de tráfico a auxiliares de Policía Local.

b. Cando auxiliares de Policía Local observen infraccións nas que proceda a inmovilización ou retirada de vehículos da vía, requirirán a presenza dos axentes da Policía Local para que estes adopten, de ser o caso, as medidas provisionais que procedan.

2. Medios técnicos da Policía Local

O Concello de o Grove disporá, para a vixilancia e disciplina do tráfico e a constatación de determinadas condutas viarias como feitos constitutivos de infracción aos preceptos establecidos nas normas de tráfico e circulación de vehículos, de medios técnicos a través dos que se poida determinar a existencia da infracción e a identificación do vehículo.

1. Os instrumentos, aparatos ou medios e sistemas técnicos destinados a medir, coa precisión adecuada, a concentración do alcohol no aire expirado ou sangue, a velocidade de circulación dos vehículos de motor, a emisión de perturbacións electromagnéticas, a captación de imaxes, gravacións e posicionamento de vehículos na vía pública, a medición de ruídos, gases e outros contaminantes e aquelas outras magnitudes que se determinen para captar infraccións, deberán cumprir os requisitos que se establezan legalmente. Os citados instrumentos, aparatos ou medios e sistemas de medida utilizados para a formulación de denuncias por infraccións ás normas de tráfico e a esta ordenanza deberán someterse ao control metrolóxico que se dite ao respecto e lle sexa de aplicación.

2. En todo caso, a xestión das imaxes captadas por medios técnicos corresponderalle á Policía Local do Grove, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar o Concello en materia de trámite das denuncias que puidesen resultar, ou para a recadación das sancións que leven aparelladas.

3. A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico acordaraa a Alcaldía ou, se é o caso, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a delegado/a. A xestión dos datos e imaxes obtidas corresponderalle á Policía Local, para os fins previstos na normativa específica na materia e pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos. O Concello poderá contratar a instalación e mantemento con empresas especializadas.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

4. A disposición ou resolución, de ser o caso, que ordene a instalación e o uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución identificará xenericamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións ou rexistros obtidos, que serán xestionados polo Servizo da Policía Local, encargado da súa custodia, e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.

5. A utilización de medios móbiles de captación e reprodución de imaxes non requirirá a resolución á que se refire o apartado anterior, e adecuarase aos principios de utilización e conservación enunciados nesta ordenanza e na lexislación vixente. A súa localización será determinada pola Policía Local, nas vías da súa competencia.

6. A utilización das videocámaras contempladas nesta disposición polas forzas e corpos de seguridade para fins distintos dos previstos nesta rexerese polo disposto na Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos e no seu regulamento de desenvolvemento e execución.

7. O Concello do Grove poderá dispoñer de medios técnicos móbiles instalados en vehículos destinados á captación de infraccións ás normas viarias previstas nas normas sobre tráfico e circulación de vehículos e nesta ordenanza.

8. O Concello do Grove poderá dispoñer de medios técnicos instalados en elementos fixos ou de sinalización luminosa da vila destinados á captación de infraccións ás normas viarias vixentes sobre tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.

TITULO SEGUNDO

Vías municipais e limitacións

Capítulo I. Tipos de vías

ARTIGO 6

As vías urbanas do municipio do Grove clasifícanse nas seguintes categorías:

1. Vías principais, canalizan dentro da localidade os movementos de medio percorrido e en tránsito. Cumpren funcións de conexión e distribución da mobilidade que accede e sae das zonas urbanas do Grove.

O nomeamento de rúas incluídas neste punto atópase relacionada no anexo I da presente ordenanza.

2. Vías arteriais, cumpren as funcións da mobilidade e conexión entre as vías principais e as rúas da localidade, ou dan entrada e saída a estas últimas.

3. Vías locais, todas as demais rúas urbanas residenciais destinadas principalmente a lles dar acceso aos usos situados nas marxes. Teñen predominio de tráfico de curto percorrido.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

4. Vías peonís, están dedicadas exclusivamente ao tráfico de peóns. Relaciónanse no anexo I.

5. Vías de circulación restrinxida, son aquelas en que por razóns de seguridade viaria se fan obxecto dun tratamento especial na presente ordenanza debido á confluencia do tráfico peonil co rodado, carencia ou estreiteza de beirarrúas ou por non reuniren os elementos de infraestrutura viaria que garantan unha óptima utilización da calzada.

Nestas vías, a circulación peonil ten carácter preferente ou prioritario. Detállanse no anexo I.

Así mesmo, considéranse incluídas neste tipo de vías as que con carácter xeral limitan a circulación a toda clase de vehículos, pero permiten o acceso aos residentes debidamente autorizados segundo o réxime que se establece na presente ordenanza.

6. Carrís bici, onde terán preferencia as bicicletas, e estas están obrigadas ao seu uso.

7. Vías ou partes de vías e carrís reservados a determinados usuarios. O Concello poderá establecer, coa finalidade de prestar un mellor servizo ao transporte público urbano, a reserva de determinados carrís da vías para seren utilizados de maneira exclusiva polos autobuses da empresa concesionaria do transporte urbano, así como polos taxis do municipio.

Capítulo II. Limitacións

ARTIGO 7. LÍMITE DE PESO

1. O Concello do Grove poderá prohibir, mediante a sinalización regulamentaria, que os vehículos con masa máxima autorizada (MMA) superior a 12.000 quilogramos teñan prohibida a circulación e o estacionamento nas rúas urbanas do Grove. Exceptuando os vehículos de servizos municipais, emerxencias, os autobuses de transporte colectivo urbano, escolar e de menores e os de uso discrecional.

2. En casos excepcionais poderase autorizar a circulación de vehículos con MMA. superior á establecida no parágrafo anterior nos seguintes horarios:

De 8.00 a 11.00 horas; de 15.00 a 18.00 horas.

Con carácter xeral, prohíbese a circulación de vehículos de transporte con peso máximo autorizado superior a 12.500 kg polas vías urbanas, non incluíndose entre aqueles a os vehículos de emerxencia que excedan do devandito peso.

A referida prohibición non terá máis excepcións que as contempladas no artigo seguinte.

ARTIGO 8

Non están incluídos no artigo anterior e, por tanto, si poden acceder ás vías urbanas excedendo o peso de 12.500 kg:



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

a. Os camións ou vehículos que transporten material ou restos de obra, con destino ou saída ás que se estean realizando no centro urbano.

1. Neste caso, a carga transportada e os seus accesorios deberán estar perfectamente estibada e acondicionada, de maneira que non poida desprazarse total ou parcialmente de xeito perigoso.

2. En todo caso, o material transportado que poida producir po ou cheiros deberá ir cuberto totalmente con lonas ou toldos.

3. Tamén, no caso de transporte de líquidos ou materias que se poidan desprender, deberán asegurarse de non realizar vertido algún sobre a vía.

b. Os camións do servizo de recollida de lixo, así como os dedicados ao baldeo e limpeza de rúas.

c. Os camións cisterna de abastecemento de combustible, con destino a estacións de servizo, calefaccións ou similares de inmoables da localidade.

d. Os vehículos dedicados ao transporte de materiais, mobles ou aveños obxecto de mudanzas, con autorización municipal previa e pagamento das taxas estipuladas, coas condicións fixadas na autorización.

e. Os autobuses que conformen a frota da empresa concesionaria do transporte público, así como os dedicados ao transporte discrecional.

f. Os vehículos dedicados ao transporte escolar, dentro das condicións que se estipulen.

g. Os camións de abastecemento de alimentos, con destino a establecementos de venda ao público ou similares da localidade.

h. Os camións de máis de dous eixes con orixe ou destino ás empresas conserveiras ou similares, sempre que utilicen os itinerarios e sinalización existentes

i. Naqueles supostos en que, a xuízo da Administración municipal, concorran circunstancias de natureza especial que aconsellen facer uso de autorizacións de carácter excepcional.

j. Transportes especiais. Todos os transportes que polas súas cargas, dimensións ou MMA sexan considerados “especiais” e teñan orixe ou destino o centro urbano do Grove deberán ser comunicados á Policía Local cunha antelación mínima de 72 horas.



TÍTULO SEGUNDO
Normas xerais de circulación

Capítulo I. Sinalización

ARTIGO 9

A sinalización é o conxunto de sinais e ordes de axentes da circulación, sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía, semáforos, sinais verticais de circulación e marcas viarias destinadas aos usuarios de vía e que teñen por misión advertir e informar a estes ou ordenar ou regulamentar o seu comportamento coa necesaria antelación de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

1. Todos os usuarios das vías obxecto da presente ordenanza están obrigados a obedecer os sinais de circulación que establezan unha obrigação ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se atopen nas vías polas que circulen.

Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, os usuarios deben obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradición coas normas de comportamento de circulación.

2. Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obrigação de detención, non poderá renovar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata cumprir a finalidade que o sinal establece.

3. Cando a conduta dun usuario, incumprindo esta obrigação, consista en circular en sentido contrario ao establecido creando unha situación de perigo, a infracción será considerada de carácter moi grave conforme o artigo 65.5 f) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

ARTIGO 10

1. Non se permite a instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización sen autorización da Alcaldía ou da concellería competente do Concello do Grove.

2. Non se permite a instalación de quioscos, carteis, postes, farois, toldos, marquesiñas ou calquera outro elemento que dificulte a visibilidade dos sinais verticais e das marcas viarias ou que, polas súas características, puidesen inducir a erro ao usuario da vía ou entorpecer a circulación.

3. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou a súa eficacia, cegar os usuarios da vía ou distraer a súa atención. titular da vía ou, de ser o caso, a autoridade encargada da regulación do tráfico, ordenará a inmediata retirada ou a substitución polos que sexan axeitadas daquelas que fosen instalados antirreglamentariamente, dos sinais que perdesen o seu obxecto e dos que non o cumpran por causa da súa deterioración.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

4. Só se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da autoridade municipal, teñan un auténtico interese público.

5. Non se permitirá a colocación de publicidade sobre os sinais ou xunto a eles, agás que expresamente así o autorice a Alcaldía, ou, de ser o caso, a Xunta de Goberno Local. A súa colocación someterase a un da informe da Policía Local, que versará sobre a necesidade e efectividade dos sinais, e, en consideración á forma e características da vía, sobre a súa situación.

6. Prohíbese deteriorar, trasladar, ocultar ou modificar de calquera xeito os sinais de circulación.

7. As condutas reflectidas no presente artigo terán a consideración de falta moi grave.

8. Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor. E isto, tanto para o que respecta aos sinais non regulamentarios ou non autorizados, así como para os de forma, colocación ou deseño incorrecto.

9. Non poderán instalarse colectores nas vías públicas sen expresa autorización municipal, que concederá ou denegará a solicitude segundo o aconsellen as circunstancias de circulación ou estacionamento.

ARTIGO 11

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é a seguinte:

- a) Sinais e ordes dos axentes da Policía Local.
- b) Sinais que modifiquen o réxime de utilización normal da vía pública.
- c) Semáforos.
- d) Sinais verticais de circulación.
- e) Marcas viarias.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria segundo a orde establecida no presente artigo, ou a máis restritiva se se trata de sinais do mesmo tipo.

ARTIGO 12

1. A sinalización de prohibicións, perigos, mandatos, obrigacións ou de calquera outro tipo realizarase conforme as normas e modelos de sinais establecidos no Regulamento xeral de circulación e lexislación concordante.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

2. Cando se trate de sinais non incluídos no Regulamento xeral de circulación, a autoridade municipal aprobará o modelo de sinal que para cada caso considere máis adecuado, procurando darlle a máxima difusión posible para o coñecemento dos usuarios da vía.

ARTIGO 13

Correspóndelle con carácter exclusivo á concellería competente na Regulación do Tráfico, autorizar a colocación, retirada e conservación dos sinais de perigo, mandato, advertencia ou indicacións nas vías públicas reguladas na presente ordenanza, excepto en casos de parada de emerxencia, e autorizar, de ser o caso, cando cumpra a súa colocación ou retirada por particulares

Correspóndelle ao titular da vía responsabilidade do mantemento dos sinais nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e da instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viarias. Tamén lle corresponde ao titular da vía a autorización previa de obras para a instalación nela doutros sinais circunstanciais de circulación.

En caso de urxencia, os axentes da autoridade poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa.

A autoridade encargada da regulación do tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias do tráfico e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas.

A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías obxecto desta ordenanza corresponderalles aos organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias, de acordo co que regulamentariamente se determine. Os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do tráfico nas ditas obras.

CAPÍTULO II

Comportamento de condutores e usuarios da vía

ARTIGO 14

Os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan, obstaculicen ou causen perigo, prexuízos ou molestias á circulación de peóns e vehículos ou danos aos bens.

ARTIGO 15

Prohíbese a conducción negligente ou temeraria de calquera clase de vehículos, así como sen a iluminación obrigatoria e en condicións adecuadas.

ARTIGO 16

Para os efectos expresados no artigo anterior, as condutas referidas á conducción negligente consideraranse de carácter grave e as referidas a conducción temeraria como moi graves.

Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 17

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía deberán adoptar as precaucións necesarias para a seguridade destes, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo de visión necesario e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguridade, a do resto de ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e de que a manteñan o resto dos ocupantes, e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

ARTIGO 18

Todo condutor que se propoña iniciar a marcha asegurarse previamente de que a súa manobra non lles ocasionará perigo ningún aos demais usuarios nin perturbación ningunha na circulación, cedendo o paso a outros vehículos e tendo en conta a posición, traxectoria e velocidade destes e anunciando o seu propósito con suficiente antelación, facendo para iso uso dos indicadores de dirección de que estean dotados os vehículos ou, na súa falta, realizando os oportunos sinais co brazo.

Nos cambios de sentido de marcha, o condutor que pretenda realizar tal manobra asegurarse, ademais, de que non existe sinal que o prohiba, de que non vai poñer en perigo ou obstaculizar outros usuarios da vía, anunciará o seu propósito con suficiente antelación e efectuaráa no lugar máis adecuado, de forma que intercepte a vía o menor tempo posible.

As precaucións expresadas deberán adoptarse nas manobras de detención, parada ou estacionamento.

ARTIGO 19

Non se permite circular marcha atrás, salvo nos casos en que non sexa posible marchar cara a adiante nin cambiar de dirección ou de sentido de marcha, e nas manobras complementarias doutra que o esixa, sempre co percorrido mínimo indispensable, que en ningún caso poderá ser superior a 15 metros.

En todo caso, a manobra de marcha atrás realizarase tras asegurarse previamente de que esta non constitúe perigo ou obstáculos para a circulación.

Prohíbese, en todo caso, a marcha atrás nos seguintes supostos:

- a) Nos cruzamentos.
- b) En autovías e en autoestradas.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

c) En vías con máis dun carril no mesmo sentido, nos carrís situados á esquerda do sentido da marcha.

ARTIGO 20

Cando a intensidade do tráfico así o aconselle, os condutores deberán adoptar as prescricións seguintes:

a) Non penetrarán nos cruzamentos, interseccións e en especial nos carrís reservados para a circulación de vehículos de transporte público, cando sexa previsible que vai quedar inmovilizado, e ha de obstruír a circulación transversal de vehículos ou de peóns.

b) Cando pola densidade da circulación se detivo completamente, facilitará a incorporación á vía pola que circule, diante del, ao primeiro dos vehículos que, procedente doutra vía transversal, pretenda efectuala, cando sen a devandita facilidade resultase imposible a incorporación.

ARTIGO 21

Todo condutor que se vexa obrigado a permanecer co seu vehículo detido no interior dun local pechado, paso inferior ou túnel, por un período de tempo superior a dous minutos, deberá interromper o funcionamento do motor ata tanto poida proseguir a súa marcha, conservando acendido a iluminación de posición.

ARTIGO 22

Co fin de facilitar a circulación dos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros, os condutores dos demais vehículos deberán desprazarse lateralmente, sempre que fose posible, ou reducir a súa velocidade, chegando a deterse se fose preciso, para que os vehículos de transporte colectivo poidan efectuar a manobra necesaria para proseguir a súa marcha á saída das paradas sinalizadas como tales.

ARTIGO 23

Será obrigatoria a utilización, en todas as prazas do vehículo, de cintos de seguridade ou outros sistemas de retención debidamente homologados, correctamente abrochados, tanto en vías urbanas como en travesías que crucen o termo municipal do Grove. Esta obrigatoriedade non se aplicará ás excepcións previstas legalmente.

ARTIGO 24

Os condutores e pasaxeiros de motocicletas ou motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuadriciclos e de ciclomotores deberán utilizar adecuadamente cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Cando as motocicletas, os vehículos de tres rodas ou os cuadríciclos e os ciclomotores contén con estruturas de autoprotección e estean dotados de cintos de seguridade, e así conste no correspondente cartón de inspección técnica ou no certificado de características de ciclomotor, os seus condutores e viaxeiros quedarán exentos de utilizar o casco de protección, vindo obrigados a usar o referido cinto de seguridade.

ARTIGO 25

Non poderán circular polas vías obxecto da presente ordenanza os vehículos cuxos niveis de emisión de ruídos, gases ou fumes excedan os límites establecidos na lexislación vixente.

Tampouco poderán circular polas citadas vías os vehículos que fosen obxecto dunha reforma non autorizada.

Todos os condutores de vehículos estarán obrigados a colaborar na realización das probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

ARTIGO 26

Os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan, obstaculicen ou causen perigo á circulación de peóns e vehículos, ou danos aos bens.

ARTIGO 27

Non se permite circular con vehículos non prioritarios facendo uso de sinais de emerxencia non xustificadas.

ARTIGO 28

Non se permite:

a) Botar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento de vehículos, facela perigosa ou deteriorar aquela ou as súas instalacións.

b) Emitir perturbacións electromagnéticas, ruídos, gases ou outros contaminantes por encima dos niveis permitidos pola lexislación vixente.

c) Botar á vía pública ou ás súas inmediacións obxectos que poidan producir incendio.

d) Circular co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador.

e) Facer uso indebido dos sinais acústicos.

f) Dar aceleróns, de xeito brusco ou violento, de forma repetida.

g) Facer derrapaxes, acelerar de forma brusca facendo que as rodas do vehículo deixen marcas no asfalto ou calquera outra manobra similar nas vías de competencia deste concello.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 29

En relación coa carga e ocupación do vehículo, queda expresamente prohibido:

a) Transportar un número de persoas superior ao autorizado ou acomodadas de forma que se dificulte a visibilidade do condutor ou a súa capacidade de manobra ou que vulnere o disposto no Regulamento xeral de circulación. Cando o exceso de ocupantes sexa igual ou superior ao 50 por 100 sobre o autorizado, excluído o condutor, a infracción terá a consideración de moi grave.

b) Circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros, salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. As persoas de máis de tres anos, cuxa estatura non alcance os 135 centímetros, deberán utilizar un sistema de suxeición homologado adaptado á súa talla e ao seu peso ou, en caso contrario, estar suxeitos por un cinto de seguridade ou outro sistema de suxeición homologado para adultos dos que estean dotados os asentos traseiros do vehículo.

Así mesmo, queda prohibido circular con nenos menores de tres anos situados nos asentos traseiros do vehículo, salvo que utilicen para iso un sistema de suxeición homologado adaptado á súa talla e ao seu peso coas excepcións que se establezan regulamentariamente.

A utilización dos cintos de seguridade, nos vehículos destinados ao transporte escolar e de menores, axustarase ao establecido na súa regulamentación específica.

c) Ocupar con máis dunha persoa os ciclos ou ciclomotores cando fosen construídos para unha soa.

d) Circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía.

Excepcionalmente permítese esta circulación a partir dos sete anos de idade, sempre que os condutores sexan os pais ou nais, titores ou persoa maior autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

e) Dispoñer a carga dos vehículos de forma distinta á establecida regulamentariamente.

f) Transportar animais de modo que interfiran as manobras ou a atención do condutor.

ARTIGO 30

Non se permite:

1. Utilizar durante a conducción pantallas visuais incompatibles coa atención permanente a esta, dispositivos de telefonía móbil ou calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento de tal comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución o uso polo condutor do vehículos en movemento de dispositivos tales como pantallas con acceso a Internet, monitores de televisión e reprodutores de imaxes.

Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e cuxa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de peóns ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o dispositivo GPS. Igualmente exceptúase da devandita prohibición a utilización dos devanditos medios polos axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

2. Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.

3. Circular cun vehículo cuxa superficie acristalada non lle permita ao seu condutor a visibilidade diáfana da vía, calquera que sexa a súa causa.

4. Abrir as portas do vehículo antes da súa completa inmovilización ou con perigo ou entorpecemento para outros usuarios da vía.

5. Circular con motocicleta ou ciclomotor sen a luz de cruzamento obrigatoria.

6. Instalar sistemas ou mecanismos de calquera tipo que poidan ser utilizados para eludir a vixilancia dos axentes de tráfico.

7. Emitir ou facer sinais a outros usuarios da vía co fin de que poidan eludir a vixilancia dos axentes de tráfico.

8. Circular en bicicleta sen elementos reflectores debidamente homologados.

ARTIGO 31

1. Prohíbese aos condutores de motocicletas ou ciclomotores arrincar ou circular co vehículo apoiando unha soa roda na calzada.

2. Os vehículos automóbiles de dúas rodas (motocicletas ou ciclomotores) non poderán circular entre dúas filas de vehículos de superior categoría, nin entre unha fila e a beirarrúa.

3. As motocicletas e os ciclomotores non poderán producir ruídos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas.

4. Os vehículos aos que se fai referencia no apartado anterior non poderán circular en ningún caso por beirarrúas e paseos.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 32

Prohíbese circular pola calzada utilizando monopatíns, patíns ou aparellos similares, salvo que se trate de zonas, vías ou partes destas que lles estean especialmente destinadas, e só poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas, sen que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos.

ARTIGO 33

Prohíbese conducir vehículos con taxas de alcol superiores ás que regulamentariamente estean establecidas e, en todo caso, baixo os efectos de sustancias estupefacientes, psicotrópicas ou similares.

ARTIGO 34

Todos os condutores de vehículos e bicicletas estarán obrigados a someterse ás probas que se establezan para a determinación da posible intoxicación por alcol ou algunha das sustancias ás que se refire o artigo anterior.

En concreto, os axentes da Policía Local poderán someter aos condutores de vehículos e demais usuarios da vía ás probas de detección referidas nos casos seguintes:

- a) Cando o condutor ou usuario da vía se vexan implicados nalgún accidente de circulación como posibles responsables.
- b) Quen conduza calquera vehículo con síntomas evidentes ou feitos que permitan presumir razoablemente que o fai baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou sustancias citadas no artigo anterior.
- c) Os condutores que sexan denunciados pola comisión dalgunha infracción ás normas establecidas na presente ordenanza ou no Regulamento xeral de circulación.
- d) Os condutores, cando sexan requiridos pola autoridade ou os seus axentes, dentro dos programas de control preventivos establecidos pola devandita autoridade.
- e) O sometemento ás probas establecidas para a detección das posibles intoxicacións por alcol ou outras sustancias ten carácter obrigatorio.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

CAPÍTULO III
Accidentes

ARTIGO 35

Os usuarios das vías que se vexan implicados nun accidente, o presencien, ou teñan coñecemento del, están obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para atender as vítimas se as houber, prestar a súa colaboración para evitar males maiores ou danos, restablecer na medida do posible a seguridade da circulación e colaborar no esclarecemento dos feitos.

Se por causa de accidente ou avaría o vehículo ou a súa carga obstaculizasen a calzada, os condutores, tras sinalar convenientemente o vehículo ou obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para que sexa retirado no menor tempo posible, e deberán sacalo da calzada e situalo cumprindo as normas de estacionamento sempre que sexa factible.

ARTIGO 35

Todo condutor implicado nun accidente adoptará as seguintes prescricións:

1. Deter o seu vehículo tan pronto como sexa posible, sen crear perigo para a circulación ou as persoas.
2. Sinalizar, de forma visible para o resto dos usuarios da vía, a situación de accidente ou avaría.
3. Avisar aos axentes da autoridade se aparentemente houbese persoas feridas ou mortas.
4. Tratar de manter ou restablecer na medida do posible a seguridade na circulación ata tanto cheguen os axentes da autoridade.
5. Prestar aos feridos o auxilio que resulte máis adecuado, segundo as circunstancias, e especialmente solicitar auxilio sanitario dos servizos que puidesen existir para o efecto.
6. No caso de que resultase morta ou ferida algunha persoa, sempre que iso non supoña un perigo para a circulación e as persoas, deberá evitar a modificación do estado das cousas e a desaparición de pegadas que puidesen resultar de utilidade para a determinación das responsabilidades.
7. Non abandonar o lugar do accidente ata tanto cheguen os axentes da autoridade, a non ser que as feridas producidas sexan leves, non precisen asistencia e ningunha das persoas implicadas o soliciten.
8. Facilitar os datos precisos sobre a súa identidade, a do seu vehículo e a da entidade aseguradora e número de póliza do seguro obrigatorio do seu vehículo, se así o requirisen outras persoas implicadas no accidente.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Todo usuario da vía que advirta que se produciu un accidente sen estar implicado neste deberá cumprir as prescricións anteriores, salvo que manifestamente non sexa necesaria a súa colaboración ou se acudiron ao lugar do feito os servizos de emerxencia ou a autoridade ou os seus axentes.

ARTIGO 36

Todo condutor que produza danos nos sinais reguladores da circulación, ou en calquera outro elemento da vía pública, estará obrigado a poñelo en coñecemento da autoridade municipal o máis axiña posible.

ARTIGO 37

O condutor que causar algún dano a calquera vehículo estacionado sen condutor estará obrigado a procurar a localización do titular do vehículo e a advertir ao condutor do dano causado, facilitando a súa identidade.

Se a dita localización non resultase posible, deberá comunicarllo ao axente da autoridade máis próximo ou, na súa falta, á persoa que poida advertir ao propietario do vehículo danado.

TÍTULO TERCEIRO *Circulación de vehículos*

CAPÍTULO I *vehículos de motor*

ARTIGO 38

1. Como norma xeral e especialmente nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, os vehículos circularán pola parte dereita da calzada correspondente ao sentido da marcha, en ausencia de sinais ou marcas viarias que dispuxeren outra cousa.

2. Nas rúas cuxa calzada tivese varios carrís no mesmo sentido de circulación, os condutores non abandonarán o que estean a utilizar salvo para adiantar a outros vehículos, para prepararse a cambiar de dirección ou cando as circunstancias da circulación así o esixan.

3. O carril da dereita será utilizado obrigatoriamente polos vehículos pesados e especiais e polos de circulación lenta, e unicamente o abandonarán para exceder a outros vehículos que se atopen parados ou inmovilizados na vía ou para cambiar de dirección.

4. Non se poderá circular sobre marcas viarias de separación de carrís, calquera que sexa o seu trazo.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

5. Tampouco se poderá circular polas zonas destinadas exclusivamente a peóns ou a determinadas categorías de usuarios. Igualmente, nas áreas especialmente reservadas aos residentes, salvo autorización.

6. Rúas de acceso restrinxido a residentes e autorizados:

Debido á especial configuración da vila do Grove, poderanse sinalizar rúas para que a circulación rodada de vehículos de motor sexa restrinxida a determinados usuarios e só poderán circular por elas ou nalgún dos sentidos, aqueles vehículos de servizos autorizados, de emerxencias e residentes que acrediten a súa condición, tal como se amosa non anexo I desta ordenanza, e obteñan a tarxeta de residente que terá que estar colocada de xeito visible no interior do vehículo.

En todo caso, a velocidade por estas rúas non poderá superar os 20 km/h e como medida de seguridade prenderase a luz de cruzamento, ademais, a prioridade será peonil.

ARTIGO 39

Non se permite:

1. Circular excedendo límites de peso, lonxitude, anchura ou altura sinalizados con placas.
2. Circular pola beiravía sen razóns de emerxencia debidamente xustificadas, excepto cando se trate de bicicletas ou vehículos para persoas de mobilidade reducida.
3. A circulación pola calzada daqueles vehículos que conforme ao texto articulado da Lei de tráfico e ao Regulamento xeral de circulación deban circular pola beiravía, coas excepcións previstas en ambas as normas.

ARTIGO 40

Non se permite efectuar manobras de cambio de sentido de marcha nos casos seguintes:

1. Nas vías sinalizadas con sinais verticais ou marcas viarias no pavimento que indiquen dirección obrigatoria ou a prohibición de cambio de sentido ou de dirección.
2. Nos tramos de vía en que para realizar a manobra sexa preciso atravesar unha liña lonxitudinal continua.
3. Nos lugares nos que estea prohibido o adiantamento.
4. Nas curvas e cambios de rasante.
5. Nas pontes e túneles.
6. Nos cruzamentos e bifurcacións que non estean debidamente acondicionados para permitir a manobra.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

7. En calquera suposto en que a manobra obrigue a dar marcha atrás, salvo que se trate dunha rúa sen saída.

8. En calquera outro lugar onde a manobra implique o risco de constituír un obstáculo para os demais usuarios.

ARTIGO 41

Cando na vía existan xardíns, monumentos, refuxios, illotes, dispositivos de guía, glorietas ou similares, circularase pola parte da calzada que quede á dereita destes, no sentido de marcha, salvo que exista sinalización en contrario, nese caso estarase ao disposto por ela; ou cando estean situados en vía de sentido único ou dentro da parte correspondente a un só sentido da circulación, nese caso poderá facerse por calquera dos dous lados.

CAPÍTULO II *Outros vehículos*

ARTIGO 42

As bicicletas que circulen pola calzada en ningún caso poderán ser arrastradas por outros vehículos. Igualmente, e por calquera zona da vía pública, prohibese conducir animais ou vehículos de tracción animal sen observar as precaucións establecidas no texto articulado da Lei sobre tráfico e no Regulamento xeral de circulación.

CAPÍTULO III *Velocidade*

ARTIGO 43

Establécese o límite máximo de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas en 30 quilómetros/hora.

Tamén se poderá establecer limitación de 30 km/h naquelas zonas do rural que polo seu ancho non dispoñan de dous carrís de circulación. Tamén calquera vía anexa a un centro social, deportivo, escolar, zona de paseo, parques xardíns ou lugares de espaxamento público.

Non obstante, poderán manter o actual límite de velocidade a 50 quilómetros por hora, aquelas vías con sinalización desta velocidade

Excepcións á velocidade:

1. Vehículos especiais que carezan de sinalización de freado, leven remolque ou sexan motocultores ou máquinas equiparadas a estes: 25 quilómetros/hora.

2. Vehículos que transporten mercadorías perigosas e ciclomotores: 30 quilómetros/hora.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

3. Vehículos provistos de autorización para transportes especiais: a que sinale a dita autorización se é inferior á que corresponda segundo os apartados anteriores.

4. Cando nestas vías estean sinalizados límites mínimos de velocidade, poderase circular por baixo destes nos supostos seguintes:

a. Nos casos de transportes e vehículos especiais.

b. Cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación.

c. Nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se determinen nas normas.

En todo caso, e conforme o artigo 65.5 c) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, será sancionada como infracción moi grave exceder en máis dun 50 por 100 a velocidade máxima autorizada, sempre que iso supoña superar polo menos en 30 quilómetros por hora o devandito límite máximo.

ARTIGO 44

O Concello do Grove poderá establecer áreas nas que os límites de velocidade establecidos no artigo anterior poderán ser rebaixados logo da sinalización correspondente.

ARTIGO 45

Non se permite:

1. Establecer competicións de velocidade, salvo nos lugares e momentos que expresamente se autoricen.

2. Circular a velocidade anormalmente reducida sen causa xustificada, entorpecendo a marcha dos demais vehículos.

3. Reducir bruscamente a velocidade á que circule o vehículo, salvo nos supostos de inminente perigo.

ARTIGO 46

Con independencia dos límites de velocidade establecidos, os condutores deberán adecuar a dos seus vehículos de forma que sempre poidan detelos dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que puidese presentarse.

Todo condutor dun vehículo que circule detrás doutro deberá deixar entre ambos o suficiente espazo libre para que en caso de freada brusca se consiga a detención do vehículo sen chocar con el, tendo en conta especialmente a velocidade e as condicións de adherencia e freado, espazo de seguridade este que deberá ser respectado polo resto dos condutores, incluídos os de motocicletas e ciclomotores.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Igualmente, os condutores deberán adoptar as medidas máximas de precaución, circularán a velocidade moderada e mesmo deterán o vehículo sempre que as circunstancias así o aconsellen, e en especial nos casos seguintes:

1. Cando a calzada sexa estreita.
2. Cando a calzada se atopese ocupada por obras ou por algún obstáculo que dificulte a circulación.
3. Cando a zona destinada aos peóns obrigue a estes a circular moi próximos á calzada ou, se aquela non existe, sobre a propia calzada.
4. En caso de visibilidade insuficiente motivada por delumbramento, néboa densa, nevada, choiva intensa, nubes de po ou fume ou calquera outra causa.
5. Ao aproximarse a un autobús en situación de parada, e especialmente se se trata dun autobús de transporte escolar ou de menores.
6. Cando as condicións de rodaxe non sexan favorables polo estado do pavimento ou por circunstancias meteorolóxicas.
7. Cando se formaron charcos de auga, lodo ou calquera outra sustancia e se puidese manchar ou salpicar os peóns.
8. Nos cruzamentos e interseccións nos que non existan semáforos nin sinal que indique paso con prioridade.
9. Ao atravesar zonas nas que sexa previsible a presenza de nenos, anciáns ou persoas con discapacidade na calzada ou as súas inmediacións.
10. Cando se aproximen a pasos de peóns non regulados por semáforos ou policía locais e se observe naqueles a presenza de transeúntes ou estes se dispoñan a utilizalos.
11. Cando pola celebración de espectáculos ou por razóns de natureza extraordinaria se produza grande afluencia de peóns ou vehículos.
12. Á saída ou entrada de vehículos en inmobles, garaxes e estacionamentos que teñan os seus accesos pola vía pública.
13. En áreas especialmente reservadas aos residentes.
14. En rúas peonís e restrinxidas ao tráfico de vehículos particulares, pero con acceso de vehículos autorizados.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

CAPÍTULO IV
Preferencias de paso e adiantamentos

ARTIGO 47

Todo condutor deberá ceder o paso:

1. Aos vehículos de policía, servizo de emerxencias ou extinción de incendios, asistencia sanitaria, protección civil e salvamento que circulen en servizo urxente, sempre que o fagan coa sinalización correspondente.

2. Nas interseccións, aténdose á sinalización que as regule.

3. En defecto de sinal que regule a preferencia de paso, aos vehículos que se aproximen pola súa dereita, salvo ao saír dunha vía non pavimentada ou dunha propiedade lindeira á vía pública.

4. Ao resto de vehículos cando o condutor se incorpore á vía pública desde unha vía non pavimentada ou desde unha propiedade lindeira á vía pública.

5. Nos cambios de dirección, aos vehículos que circulen por pistas ou carrís reservados para determinadas categorías de vehículos e aos vehículos que circulen no sentido contrario pola calzada da que pretenden saír.

6. Nos cambios de carril co mesmo sentido de marcha, aos vehículos que circulen polo seu mesmo sentido polo carril ao que pretendan incorporarse.

7. Aos vehículos que circulen polo interior das glorietas, salvo indicación ou sinalización en contrario.

8. Aos autobuses de transporte público urbano de viaxeiros cando inicien a marcha desde as paradas debidamente sinalizadas.

En todo caso, os condutores deberán adoptar as medidas adecuadas para ceder o paso e non deberán iniciar ou continuar a súa marcha ou manobra se iso obriga os vehículos con prioridade a modificar bruscamente a súa dirección ou velocidade.

O incumprimento de calquera das anteriores obrigacións, cando causen unha situación de perigo, terá a consideración de infracción de carácter grave.

ARTIGO 48

Todo condutor deberá outorgarlles prioridade de paso:

1. Aos peóns que circulen pola beirarrúa, cando o vehículo teña necesidade de cruzala por un vao ou por unha zona autorizada.

2. Aos peóns que crucen por pasos a eles destinados.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

3. Aos peóns que crucen por pasos de peóns regulados por semáforos, cando estes estean en amarelo intermitente.

4. Durante a manobra de xiro, aos peóns que comezasen a cruzar a calzada por lugares autorizados, aínda cando non estivese sinalizado o paso.

5. Aos viaxeiros que vaian subir ou descendesen dun vehículo de transporte público nunha parada sinalizada e se atopen entre a dicha parada e o vehículo.

6. A filas de escolares cando crucen por lugares autorizados ou no Camiño Escolar.

7. Aos peóns en áreas especialmente reservadas aos residentes.

8. Aos peóns en rúas de uso peonil e restrinxidas ao tráfico de vehículos particulares, pero con acceso de vehículos destinados a carga e descarga.

En todo caso, o condutor do vehículo que deba deixar paso mostrará con suficiente antelación, pola súa forma de circular e especialmente pola súa velocidade moderada, que non vai poñer en perigo nin dificultar o paso do usuario con preferencia, debendo mesmo deterse, se iso fose preciso.

ARTIGO 49

Todo condutor ten a obrigaón de facilitar, na medida do posible, o adiantamento por calquera vehículo de marcha máis rápida.

O condutor do vehículo que pretenda adiantar deberá advertilo con antelación suficiente cos sinais preceptivos e realizar a manobra de tal forma que non cause perigo nin entorpeza a circulación dos demais vehículos.

ARTIGO 50

Prohíbese o adiantamento nos supostos establecidos no Regulamento xeral de circulación e moi especialmente cando o condutor do vehículo vaia adiantar a outro que se aproxime a un paso de peóns, salvo que existan dous ou máis carrís nun mesmo sentido e a circulación no paso estea regulada por semáforos ou por axentes da Policía Local.

ARTIGO 51

Cando a calzada teña varios carrís de circulación na mesma dirección, non se considerará adiantamento o feito de que os vehículos situados nun carril avancen máis que os que marchen pola esquerda.

Prohíbese exceder, sen deterse, a outro vehículo que se atope detido ou reducindo a súa velocidade antes dun paso para peóns no que estes teñan prioridade de paso.

Quedan prohibidos os adiantamentos en zigzag.



TÍTULO CUARTO
Peóns

ARTIGO 52

Os peóns transitarán polas beirarrúas, pasos e plataformas a eles destinados, gozando sempre de preferencia as persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida temporalmente, que se despracen en cadeiras de rodas.

Excepcionalmente poderán circular pola calzada cando así o determinen os axentes encargados da vixilancia do tráfico.

Cando non existisen zonas para a circulación de peóns, poderán transitar pola calzada polo lugar máis afastado do seu centro.

A Administración municipal poderá, porque as características dunha determinada zona da poboación o xustifiquen, establecer a prohibición total ou parcial de circulación e estacionamento de vehículos, ou só unha das cousas, co fin de reservar todas ou algunhas das vías públicas comprendidas dentro da zona mencionada ao tráfico de peóns. Estas zonas denominaranse illas de peóns e determinaranse mediante bando.

As illas de peóns deberán ter a oportuna sinalización na entrada e saída, sen prexuízo de poder utilizarse outros elementos móbiles que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou na zona afectada.

Nas illas de peóns, a prohibición de circulación e estacionamento de vehículos poderá:

1. Comprender a totalidade das vías que estean dentro do seu perímetro ou só algunhas delas.
2. Limitarse ou non a un horario preestablecido.
3. Ter carácter diario ou referirse a un número determinado de días.
4. Limitarse a determinados usuarios.

Calquera que sexa o alcance das limitacións dispostas, non lles afectarán á circulación nin ao estacionamento dos seguintes vehículos:

- A. Os do servizo de bombeiros, os corpos de seguridade, as ambulancias e, en xeral, os que sexan necesarios para a prestación de servizos públicos, sempre que non teñan rutas alternativas.
- B. Os que transporten enfermos a un inmovible da zona.
- C. Os que saian dun garaxe situado na zona ou vaian a el, e os que saian dun estacionamento autorizado dentro da illa.
- D. As bicicletas, cando circulen a unha velocidade non superior ao paso das persoas.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

O incumprimento das normas establecidas neste título e no correspondente bando constitúe unha infracción que será sancionada.

ARTIGO 53

Os peóns non deberán deterse nas beirarrúas formando grupos, cando iso obrigue a outros usuarios para circular pola calzada.

ARTIGO 54

Non se lles permite aos peóns:

- a. Cruzar a calzada por lugares distintos dos autorizados ou permanecer nela.
- b. Correr, saltar ou circular de forma que moleste os demais usuarios.
- c. Esperar os autobuses e demais vehículos de servizo público fóra dos refuxios ou beirarrúas ou invadir a calzada para solicitar a súa parada.
- d. Subir ou descender dos vehículos en marcha.
- e. Realizar actividades nas beirarrúas, pasos, calzadas, beiravías ou, en xeral, en zonas contiguas á calzada, que obxectivamente poidan perturbar os condutores ou retardar, ou dificultar a marcha dos seus vehículos, ou poidan dificultar o paso de persoas con mobilidade reducida.

ARTIGO 55

Os pasos para peóns semaforizados sinalizaranse horizontalmente con dúas liñas descontinuas de cor branca, dispostas sobre o pavimento perpendicularmente ao eixo da calzada, dependendo a franxa de separación entre ambas as liñas das circunstancias concorrentes do tráfico e a vía, e, en todo caso, incluírá o ancho do vao peonil correspondente.

Os pasos para peóns non semaforizados sinalizaranse horizontalmente cunha serie de liñas brancas de gran anchura dispostas sobre o pavimento en bandas paralelas ao eixo da calzada e formando un conxunto transversal a esta.

Os peóns que precisen cruzar a calzada efectuarano coa máxima dilixencia, sen deterse nin entorpecer os demais usuarios nin perturbar a circulación e observando en todo caso as prescricións seguintes:

1. Nos pasos regulados por semáforos, deberán obedecer as indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal dirixido a eles o autoríce.
2. Nos pasos regulados por axentes da Policía Local, deberán en todo caso obedecer as instrucións que sobre o particular efectúen estes.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

3. Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada ata tanto non se asegurasen, á vista da distancia e velocidade á que circulen os vehículos máis próximos, que non existe perigo en efectuar o cruzamento.

4. Cando non exista un paso de peóns sinalizado nun radio de 50 metros, o cruzamento efectuarase polas esquinas e en dirección perpendicular ao eixo da vía, excepto cando as características desta ou as condicións de visibilidade poidan provocar situacións de perigo.

5. Non poderán atravesar as prazas e glorietas pola súa calzada, deberán rodealas, agás que o permitan os pasos de peóns existentes para o efecto.

TÍTULO QUINTO

Limitacións ao uso das vías públicas

CAPÍTULO I

Carga e descarga

ARTIGO 56

A Concellería competente na Regulación do Tráfico determinará e sinalizará as zonas reservadas para carga e descarga.

Os labores de carga e descarga de mercadorías na vía pública efectuarana vehículos dedicados ao transporte de mercadorías, nas zonas reservadas para este fin e nos horarios que para cada caso se indiquen na sinalización, atendendo ás características e circunstancias do lugar. En ningún caso se poderá obstruír ou dificultar a circulación peonil nin rodada, así como os accesos a vaos autorizados.

Naqueles supostos en que non exista nas inmediacións unha zona habilitada para carga e descarga, ou que debido ás características da mercadoría (volume, fragilidade...) ou ás condicións do servizo (mudanza, subministración de combustible...) non sexa factible utilizar aquela, deberá estar en posesión de autorización municipal expresa, que se solicitará cun mínimo de 48 horas antes da ocupación. Nese caso poderase estacionar na vía pública polo tempo necesario para realizar os traballos e de se orixinar entorpecemento na circulación, a Policía Local adoptará as medidas oportunas.

ARTIGO 57

Prohíbese a carga e descarga, así como o manexo de caixas, colectores, materiais e ferramentas entre as 22.00 horas da noite e as 8.00 horas da mañá, salvo autorización expresa.

En ningún caso os vehículos que realicen operacións de carga e descarga poderán facelas nos lugares onde con carácter xeral estea prohibida a parada.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Tampouco poderán parar total ou parcialmente nas beirarrúas, plataformas, paseos ou zonas sinalizadas con franxas brancas oblicuas.

ARTIGO 58

Os vehículos autorizados, entendéndose como tales os provistos do Cartón de Transporte como regra xeral, só poderán estacionar nas zonas reservadas para carga e descarga coa única finalidade de realizaren tales tarefas, que deberán levar a cabo utilizando os medios necesarios para axilizar a operación, e evitando ruídos ou molestias innecesarias, e, en ningún caso, poderán permanecer no devandito lugar máis de 15 minutos sen actividade.

En todo caso, as operacións de carga e descarga deberán efectuarse con persoal suficiente para terminalas o máis rapidamente posible. O límite de tempo autorizado para cada operación, con carácter xeral, é de 30 minutos, mais poderase autorizar un período maior logo de solícialo por unha causa debidamente xustificada e para unha operación concreta.

Poderán utilizar tamén as zonas de carga e descarga os vehículos destinados e acondicionados para o transporte de mercadorías que estean rotulados como tales e cuxo peso non exceda de 3.500 kg.

ARTIGO 59

As mercadorías, materiais ou cousas que sexan obxecto de carga e descarga non se depositarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa.

As operacións de carga e descarga faranse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para axilizar a operación e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.

ARTIGO 60

A carga e descarga de materias explosivas, inflamables, cáusticas, corrosivas, tóxicas ou perigosas, necesitará unha autorización especial do Concello do Grove, a cal fixará día, hora, itinerario e lugar habilitado para efectuala.

Os vehículos que as transporten cumprirán a regulamentación específica do transporte de mercadorías perigosas por estrada.

ARTIGO 61

1. As zonas reservadas de carga e descarga que supoñan un aproveitamento particular da vía pública serán autorizadas pola Xunta de Goberno Local e sometidas a prezo público.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

2. As persoas ou entidades autorizadas na concesión destes aproveitamentos deberán solicitar previamente a correspondente licenza nunha instancia acompañada dun deseño detallado da ocupación, de acordo co sinalado na ordenanza correspondente.

3. Será preceptivo o informe da Policía Local e dos servizos técnicos correspondentes.

4. As reservas de espazo particulares someteranse a xuízo da XGL, que aplicará criterios restritivos e resolverá motivadamente, o que constará no acordo.

5. Co obxectivo dinamizar e dar a rotación dos estacionamentos para usuarios de servizos, establécense zonas de estacionamento limitadas para servizos con límite horario de estacionamento a 15 minutos.

ARTIGO 62

As zonas reservadas sinalaranse tanto vertical como horizontalmente cos sinais homologados polas normas vixentes en materia de tráfico.

a. A sinalización existente de carga e descarga de mercadorías é de aplicación en días laborables.

b. Os sábados inclúense no horario de 8.00 a 14.00 horas.

Tanto a situación das reservas de carga e descarga de carácter xeral, coma os seus horarios, determinaranse a través dun bando da Alcaldía.

ARTIGO 63

As prohibicións anteriores poderán ter excepcións en zonas debidamente sinalizadas, nas que polas súas especiais características, ámbito de cobertura, densidade de tráfico ou localización, permitirían unha flexibilización do horario.

Poderanse sinalizar outras zonas con estacionamento limitado en franxas horarias, cun máximo de permanencia de 30 minutos, para facilitar o acceso a servizos, co fin de garantir a rotación dos estacionamentos.

ARTIGO 64

Os axentes da Policía Local no exercicio das súas funcións poderán, con carácter provisional, poñer fin ás operacións de carga e descarga, sempre que razóns de seguridade viaria ou fluidez do tráfico o aconsellen.



CAPÍTULO II

Obras

ARTIGO 65

Prohíbese a execución de obras nas vías públicas de titularidade municipal, ou naquelas en que o Concello teña competencias de regulación, vixilancia e control do tráfico, carecendo da correspondente licenza de obras e da autorización particular de ocupación da vía, na que se fixarán os días, horas e demais condicións de sinalización e balizamento.

CAPÍTULO III

Probas deportivas. Actos culturais. Festas populares e análogos

ARTIGO 66

Todos aqueles actos de carácter deportivo, cultural, rodaxes cinematográficas, televisivas, festivos ou similares, que afecten ás calzadas de competencia municipal deberán estar provistos do correspondente permiso municipal, logo dun informe específico da Policía Local, sen prexuízo da obtención doutras autorizacións que puidesen corresponder pola súa natureza a calquera das administracións públicas.

ARTIGO 67

Os organizadores deberán solicitar a autorización municipal cumprindo os seguintes requisitos:

- a. Solicitud dirixida á Alcaldía, cunha antelación mínima de 30 días á data prevista para a celebración, na que farán constar o tipo de evento, presentando toda a documentación relativa a este.
- b. Permiso da administración, federación ou organismo competente, segundo os casos.
- c. Regulamento interno do certame ou proba e programa dos actos ou festas, con especificación detallada de calendario, horarios, itinerario, esbozo e ocupacións de vía pública previstas.
- d. Seguros e medidas de seguridade complementarias para prestar polos organizadores.

ARTIGO 68

A autorización tramitada, cando cumpra, concederase condicionada a:

1. Que sempre que a actividade o permita, se facilite o acceso á propiedade e se garanta o paso de vehículos de urxencia e de transporte público.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

2. Que ao remate de todos os actos, as vías deberán quedar libres e expeditas. Os titulares da autorización deberán responder dos danos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada con motivo do acto celebrado.

3. Dos devanditos permisos darase traslado á Policía Local.

ARTIGO 69

As autorizacións citadas concédense en precario, e non crean dereito ningún a favor dos seus beneficiarios, polo que poderán ser libremente revogados cando as circunstancias do tráfico, risco e outras de análoga natureza así o aconsellen.

ARTIGO 70

Nos casos en que os organizadores dos eventos non presentasen os correspondentes permisos e, de ser o caso, os avais cando lles fosen requiridos, a Policía Local suspenderá as actividades citadas.

ARTIGO 71

A persoa ou entidade organizadora dos actos será a responsable de garantir o mantemento das medidas recollidas na autorización ata a finalización dos actos. En caso contrario, a Policía Local acordará a suspensión destes

ARTIGO 72

As persoas interesadas nunha reserva temporal de estacionamento, con motivo de eventos culturais, deportivos, cinematográficos e análogos, deberán solicitalo ante o Concello. A solicitude será tramitada polo departamento municipal competente. Da devandita autorización remitiráselle unha copia á Policía Local para o seu coñecemento.

TÍTULO SEXTO

Paradas e estacionamentos

CAPÍTULO I

Paradas

ARTIGO 73

A parada e o estacionamento deberán efectuarse conforme as normas establecidas nos artigos 90, 91, 92 e 94 do Regulamento xeral de circulación, estando prohibido parar e estacionar nos casos e lugares previstos nos devanditos artigos.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

A parada e o estacionamento deberán efectuarse de tal xeito que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a súa colocación e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia do condutor.

A norma xeral é que o estacionamento se fará en fila ou cordón, a excepción a esta norma deberase sinalizar expresamente.

Nos lugares habilitados para o estacionamento con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

Os vehículos estacionados colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, deixando un pequeno espazo para permitir a limpeza daquela parte da calzada.

ARTIGO 74

Terá a consideración de parada toda inmovilización dun vehículo cuxa duración non exceda de dous minutos, e sen que o abandone o seu condutor.

Non se considerará parada a detención accidental motivada por necesidades da circulación nin a ordenada polos axentes da Policía Local ou por circunstancias de urxencia que sexan imprevisibles e inaprazables.

A parada realizarase situando o vehículo o máis preto posible do bordo dereito da calzada excepto nas vías de sentido único, nas que, se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis preto posible do bordo esquerdo, adoptándose as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

Os pasaxeiros deberán baixar polo lado correspondente á beirarrúa e o condutor, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure de que pode facelo sen ningún tipo de perigo.

En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos inconvenientes se lle produza á circulación, e nas rúas con chafrán, xustamente nel, sen sobresaír da aliñación das beirarrúas, e sempre que non reste visibilidade ao cruzamento. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estean enfermos ou impedidos e non exista outro lugar onde efectuar a parada, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo, sempre que as circunstancias do tráfico o permitan sen que poida ser causa de grave obstrución á circulación, se entorpeza o funcionamento dalgún servizo público ou se cree un risco potencial.

Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro desde a fachada ou cerramento máis próximo e o costado do vehículo, sempre que o ancho da calzada permita a parada sen obstáculo á circulación.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 75

Os auto-taxis esperarán viaxeiros exclusivamente nas paradas situadas debidamente sinalizadas.

ARTIGO 76

Os autobuses de liñas urbanas destinados ao transporte público municipal circularán polos itinerarios contemplados no contrato de concesión e as súas paradas, que serán utilizadas exclusivamente polo referido transporte, serán fixadas e sinalizadas polo Concello do Grove.

Queda expresamente prohibida a utilización das paradas habilitadas polo Concello do Grove destinadas ao transporte urbano de viaxeiros por calquera outra empresa que non sexa a concesionaria municipal do devandito transporte.

ARTIGO 77

As empresas de liñas regulares de viaxeiros e mercadorías que conforman o chamado transporte interurbano, quedan obrigados a recoller ou deixar viaxeiros na estación de autobuses.

Queda prohibida a circulación por itinerarios urbanos e a utilización das paradas exclusivas do transporte urbano, segundo o exposto no artigo anterior, ao transporte interurbano, o cal só poderá acceder aos viarios urbanos naqueles casos nos que obteñan autorización especial e excepcional outorgada polo Concello do Grove, o cal fixará as paradas ou intercambiadores habilitados para ese efecto, se o considera oportuno.

ARTIGO 78

O Concello fixará as paradas e itinerarios que considere idóneos aos centros docentes que ofrezan servizo de transporte escolar e así o soliciten da Administración municipal.

Queda prohibida a circulación e paradas de vehículos destinados a este tipo de transporte fóra dos termos contidos no presente artigo.

ARTIGO 79

Prohíbense as paradas nos casos e lugares seguintes, constituíndo a inobservancia de tal prohibición falta grave:

1. En todos aqueles lugares nos que así o estableza a sinalización existente.
2. Cando se impida a incorporación á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
3. Cando se obstaculice o acceso de persoas a inmobles ou se impida a utilización dunha saída de vehículos debidamente sinalizada.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

4. Cando se obstaculice o acceso a edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración destes, e as saídas de urxencia debidamente sinalizadas.
5. Nos pasos de peóns.
6. Sobre e xunto os refuxios, illotes, medianas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
7. Cando se impida a outros vehículos un xiro autorizado.
8. En interseccións e, se se dificulta o xiro a outros vehículos, tamén nas súas proximidades ou a menos de 5 metros dunha esquina, cruzamento, bifurcación, nas interseccións e as súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos, ou en vías interurbanas, se se xera perigo por falta de visibilidade.
9. Nos lugares onde se impida a visión de sinais de tráfico aos usuarios da vía a quen vaia dirixidas.
10. Nas pontes, túneles e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización en contrario.
11. Nos carrís reservados ao uso exclusivo do transporte público urbano ou nos reservados para bicicletas.
12. Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.
13. Nas curvas ou cambios de rasante cando a visibilidade non sexa suficiente para que os demais vehículos poidan pasar sen perigo o detido.
14. Sobre as beirarrúas ou nas zonas destinadas ao uso exclusivo de peóns.
15. En dobre fila.
16. No medio da calzada, salvo que estea expresamente autorizado.
17. Á mesma altura que outro vehículo parado xunto a beirarrúa contraria, se impide ou dificulta a circulación doutros usuarios da vía.
18. Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.
19. Calquera outra parada que orixine un perigo ou obstaculice gravemente a circulación de vehículos ou de peóns.
20. Carrís e partes de vías reservados exclusivamente á circulación nas rúas que conforman o viario principal
21. Nos lugares reservados para carga e descarga.
22. Nos demais lugares sinalados temporalmente por obras, actos públicos, deportivos, etc.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

23. Nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

CAPÍTULO II *Estacionamentos*

ARTIGO 80

Terá a consideración de estacionamento toda inmovilización dun vehículo que non sexa parada, sempre que a mesma non sexa motivada por imperativos da circulación ou fose ordenada polos axentes da Policía Local.

O estacionamento de vehículos rexerese polas seguintes normas:

1. Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cunha duración de 2 ou máis minutos, sempre que non estea motivada por imperativos da circulación, sen que o condutor poida abandonalo.

2. Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

3. Os condutores deberán deixar un espazo non superior a vinte centímetros entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo. Así mesmo non se poderá estacionar un vehículo a unha distancia menor de 30 cm doutros, nin impedir a súa incorporación á circulación.

4. O Concello fixará as zonas na vía pública para estacionamento ou para a súa utilización como terminais de liñas de autobuses.

5. Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías efectuarán o seu estacionamento na forma establecida na presente ordenanza.

6. Corresponderalle exclusivamente ao Concello autorizar a ordenación do estacionamento e a circulación naquelas vías de uso público.

7. O Concello poderá establecer en determinadas zonas réximes de estacionamento limitado, gratuítos ou de pagamento, regulados por discos de control, parquímetros ou calquera outro sistema, como medio de ordenación ou de selección do tráfico.

8. O Concello poderá reservar na vía pública espazo de estacionamento para uso exclusivo dos residentes en determinadas zonas con especiais problemas de tráfico ou de aparcamento

Así mesmo, poderase reservar espazo para o estacionamentos de servizos de necesidade ou urxencia.

9. Queda prohibida a reserva de prazas de estacionamento sen a oportuna licenza municipal.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 81

Denomínase estacionamento en liña, fila ou cordón aquel no que os vehículos se sitúan un detrás doutro.

Denomínase estacionamento en batería aquel no que os vehículos se sitúan un ao lateral do outro.

ARTIGO 82

Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento, cando non estivese prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido de marcha.

Nas vías dun só sentido de circulación, e sempre que non houberse sinalización en contrario, o estacionamento efectuarase a ambos os dous lados da calzada, sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior á dun carril de 3 metros.

Salvo sinalización en contrario, o estacionamento efectuarase en liña, fila ou cordón.

ARTIGO 83

O estacionamento deberá realizarse de tal maneira que o vehículo non obstacule a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación deste e que a distancia co bordo da calzada sexa a menor posible.

Cando o espazo destinado a estacionamento estea delimitado no pavimento, deberá estacionarse dentro da área marcada.

Igualmente, os estacionamentos efectuaranse de forma que permita a execución das manobras de entrada e saída e permita a mellor utilización do espazo restante para outros usuarios.

ARTIGO 84

Prohíbese o estacionamento nos lugares e casos en que estea prohibida a parada e ademais nos seguintes casos e lugares:

1. En todos aqueles lugares nos que o prohiba a sinalización existente.
2. Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de cinco días consecutivos, a cuxo efecto só se computarán os días hábiles. En todo caso, o propietario do vehículo terá a obrigaçión de asegurarse por si, ou por calquera outra persoa ou medio, de que o seu vehículo non se atopa indebidamente estacionado como consecuencia de calquera cambio de sinalización ou ordenación do tráfico; para facelo, dispoñerá dun máximo de corenta e oito horas consecutivas, para cuxo efecto só se computarán os días hábiles.

Nos lugares autorizados dentro dos parques públicos ou zonas verdes, o prazo máximo de estacionamento nun mesmo lugar será de corenta e oito horas.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

3. En dobre fila, en calquera suposto, tanto se a primeira está ocupada por un vehículo, un contedor ou algún outro elemento de protección.
4. Nos lugares onde estea prohibida a parada.
5. Nos lugares reservados para carga e descarga nos días e horas en que estea en vigor a reserva. Por tanto, admítase o estacionamento de toda clase de vehículos nestes lugares no horario comprendido fóra do estipulado na sinalización.
6. Nas zonas reservadas para estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, persoas de mobilidade reducida e outras categorías de usuarios.
7. A unha distancia inferior a 3 metros a cada lado das paradas de autobuses sinalizadas, salvo sinalización en contrario.
8. Diante das dependencias dos corpos e forzas de seguridade e saídas de vehículos de emerxencia, debidamente sinalizadas.
9. Diante dos vaos correctamente sinalizados, entendendo por tales tanto os destinados á entrada e saída de vehículos a través de itinerarios peonís como os destinados á supresión de barreiras arquitectónicas nos itinerarios peonís.
10. Nos lugares reservados exclusivamente para parada de vehículos de emerxencia.
11. Nos lugares habilitados como de estacionamento con limitación horaria sen a exhibición en lugar visible do vehículo do distintivo válido ou acreditación do pagamento da taxa correspondente, conforme a ordenanza fiscal que o regule; ou cando, colocado o distintivo ou acreditación, se supere o tempo máximo de estacionamento autorizado polo título exhibido.
12. En batería, sen sinais que habiliten tal posibilidade.
13. En liña, cando o estacionamento deba efectuarse en batería conforme a sinalización existente.
14. Nas beiravías.
15. Nos lugares que vaian ser ocupados temporalmente para outros usos ou actividades; nese caso deberase sinalizar adecuadamente polo menos con corenta e oito horas de antelación.
16. Os remolques ou semi-remolques, separados do vehículo tractor que os arrastra.
17. Cando un vehículo permaneza estacionado na vía pública para a súa venda ou alugamento, ou con fins fundamentalmente publicitarios, ou desde o cal se proceda a efectuar actividades ilícitas, tales como venda ambulante non autorizada, así como a reparación non puntual de vehículos na vía pública e o estacionamento de caravanas, autocaravanas ou similares que se pretendan utilizar como lugar habitable con certa vocación de permanencia, por canto impide a libre circulación, a ocupación temporal dese espazo dun modo limitado e rotativo por outros eventuais usuarios, e dificulta a equitativa distribución de aparcadoiros.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

18. En plena calzada. Entenderase que un vehículo está en plena calzada sempre que non estea xunto á beirarrúa, conforme determine esta ordenanza.
19. A distancia inferior a cinco metros dunha esquina en rúas de menos de tres carrís, ou cando se moleste a manobra de xiro a calquera tipo de vehículo.
20. En condicións que se moleste a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamente.
21. Sobre as beirarrúas, plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, pasos de peóns e de ciclista e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, tanto se é parcial coma total a ocupación.
22. Ao lado de plataformas, refuxios, paseos centrais ou laterais, rebaixes para o paso de diminuídos físicos e zonas sinalizadas con franxas transversais no pavimento.
23. Fóra dos límites dos perímetros de estacionamentos sinalizados.
24. Nas rúas sen beirarrúas a menos de 1 m das fachadas de edificacións ou muros de cerramento.
25. En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.
26. En zonas sinalizadas para uso exclusivo de determinados usuarios ou para a celebración dunha actividade ou evento.
27. Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.
28. Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
29. Nas proximidades dunha esquina ou intersección sobresaíndo do vértice desta, obrigando aos outros condutores a facer manobras antirreglamentarias.
30. A menos de 5 metros dunha esquina, cruzamento, bifurcación, nas interseccións e as súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos, ou en vías interurbanas, se se xera perigo por falta de visibilidade.

Se polo incumprimento do establecido nesta ordenanza un vehículo resulta afectado por un cambio de ordenación do tráfico no lugar onde se atopa, cambio de sentido ou de autorización de aparcamento, de forma definitiva ou eventual, que comporte incluso o traslado do vehículo ao depósito municipal, o seu titular será responsable da nova infracción cometida, transcorridos 5 días desde o cambio.

As infraccións aos preceptos deste artigo serán consideradas en todo caso graves.

ARTIGO 85

1. O cartón de estacionamento para persoas con discapacidade permítelle ao seu titular, dentro das vías públicas de competencia municipal en canto ao tráfico no termo municipal do Grove, as seguintes operacións de estacionamento e detención:



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

- a) Estacionamento nas reservas especiais creadas para persoas con mobilidade reducida.
- b) Estacionamento durante quince minutos como máximo nas reservas de carga e descarga existentes na vía pública, conforme a ordenanza e sinalización correspondente.
- c) Parada do vehículo na vía pública, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
- Non se obstaculice gravemente o tráfico.
 - Non se sitúen nas paradas de autobús público.
 - O estacionamento sexa paralelo ao bordo.
 - Non se dificulte a visibilidade nas esquinas, curvas ou cambios de rasante.
 - Non se impida total ou parcialmente un paso de peóns sinalizado.
- d) Estacionamentos en calquera reserva oficial, cando sexa para a realización dalgunha xestión nun organismo público, excepto nas habilitadas para seguridade pública e durante o tempo máximo de quince minutos

2. Os vehículos de dúas rodas, xa sexan motocicletas, ciclomotores ou bicicletas, estacionarán nos espazos especificamente reservados para o efecto.

No caso de que non os houbese, sempre que estea permitido o estacionamento, poderán estacionar na calzada xunto á beirarrúa en forma oblicua a esta e ocupando unha anchura máxima duns 1,30 metros, de forma que non se impida o acceso a outros vehículos ou o paso desde a beirarrúa á calzada.

TÍTULO SÉTIMO

Entrada de vehículos. vaos. rebaixe de bordos

(Este título entra en relación coa Ordenanza municipal de vaos para a entrada e saída de automóbiles e reservas de estacionamento, aprobada inicialmente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2012.)

ARTIGO 86

Definicións

1. Constitúe vao a utilización polos particulares dos accesos a todo tipo de inmobles, cando sexa preciso cruzar beirarrúas e outros bens de dominio e uso público.

2. Constitúe reserva de estacionamento ou parada de vehículos en tales espazos, cando supoña un uso que trae consigo unha especial restrición do uso que lles corresponde a todos os cidadáns.

Prohibición de estacionamento

O estacionamento de vehículos sobre o vao ou reserva de espazo está totalmente prohibido. Non obstante, tolerarase o estacionamento de vehículos fronte aos vaos ou espazos reservados



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

cando o condutor permaneza no vehículo, co fin de desprazalo no momento en que se precise a utilización do vao ou espazo reservado.

Enténdese por vao a modificación da natureza e/ou a estrutura da beirarrúa e do bordo desta na vía pública co fin de facilitar os accesos de entrada e saída de vehículos aos inmobles ou propiedades particulares a través daquela.

ARTIGO 87

Este acceso de vehículos ao interior de inmobles está suxeito a licenza municipal, nos casos nos que sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público, cando supoña un uso privativo ou unha especial restrición do que corresponde aos cidadáns respecto de todos os bens ou cando impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no espazo reservado para realizar o acceso.

ARTIGO 88

Suxeición a licenza municipal

Os vaos para a entrada de automóbiles en inmobles privados e as reservas de espazo nas vías públicas para o aparcamento, tendo en conta que constitúen un uso común especial dos bens de dominio público, e a teor do establecido no art. 77 do Regulamento de bens das entidades locais, requiren a obtención previa dunha licenza municipal.

ARTIGO 89

Clases de vaos e reservas

1. Os vaos poden ser de carácter permanente ou temporal, limitados estes últimos ao horario normal de traballo ou a unha parte del, podendo ser tamén nocturnos.

Os vaos de carácter temporal poden ser laborais ou nocturnos.

A) Outorgarase licenza de vao laboral para acceso a inmobles dende as 8.00 ás 20.00 horas, todos os días laborables, nos seguintes casos:

- Locais nos que se desenvolven actividades comerciais ou industriais que leven consigo, necesariamente, a entrada e saída de vehículos, tales como talleres, almacéns de empresas, concesionarios de automóbiles, e calquera outra actividade de características análogas.
- Obras de construción, derrubamento, reforma ou reparación de edificios.
- Aqueles outros supostos en que o informe da Policía Local sexa favorable, atendendo á actividade desenvolvida, á situación, á intensidade do tráfico e, en xeral, á utilidade pública da instalación.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

O horario poderá ser ampliado ou modificado, atendendo ás circunstancias de cada actividade e logo da xustificación do interesado.

B) Outorgarase licenza de vao nocturno para acceso a inmobles dende as 20.00 horas ás 9.00 horas, todos os días da semana nos seguintes casos:

- Locais destinados a garaxes públicos con capacidade para dez ou menos prazas e garaxes privados con capacidade para tres ou menos vehículos.
- Locais destinados a garaxes, públicos ou privados, e terreos con vivendas unifamiliares nos casos en que así se solicite.

Os locais ou instalacións para as que se solicite licenza de vao permanente, laboral ou nocturno, deberán reunir, ademais, os requisitos establecidos no art. 6 da presente ordenanza.

2. As reservas de espazo para estacionamento ou aparcamento de vehículos poden ser de carácter permanente ou temporal.

A) *Son reservas de carácter permanente:*

- Aquelas que se determinen polo concello para o estacionamento de vehículos oficiais, e que irán situadas en fronte de ou próximas a edificios públicos, de equipamentos comunitarios, servizos, etc.
- Aquelas que se determinen polo Concello para seren utilizadas, con carácter xeral, por persoas con tarxeta de estacionamento, e que irán situadas en fronte de ou próximas a edificios destinados a estacionamento, organismos oficiais, centros de saúde, edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios, servizos, próximas aos accesos peonís dentro das zonas destinadas a aparcadoiro de vehículos lixeiros, iso de conformidade co establecido no artigo 32,3 a) da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia e concordantes do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento, ou calquera outro lugar que así se determine.
- As que sexan concedidas de forma directa para o aparcamento do vehículo usado habitualmente por unha persoa con graves problemas de mobilidade, e que deberá situarse o máis preto posible do acceso ao domicilio do usuario, logo do informe dos servizos sociais municipais.

B) *Son reservas de carácter temporal as que se outorguen para os fins seguintes:*

- Para persoas cunha mobilidade reducida, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia e concordantes co regulamento.
- Servizos de mudanzas.
- Vehículos de exposición.
- Elevación ou montaxe de estruturas varias.
- Descargas de combustibles.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

- Carga e descarga de mercancías.
- Outros usos extraordinarios.

O Concello resérvase o dereito de fixar o horario de uso das reservas de carácter temporal, segundo considere oportuno.

Nestes supostos de reservas de carácter temporal, poderáselle esixir ao interesado que dispoña dunhas placas metálicas con apoios elásticos, ou sistema similar autorizado, que evite ruídos, debendo cubrir o tramo de beirarrúa afectado co fin de evitar danos nela.

Establécense as seguintes modalidades de vao:

1. Vao permanente
2. Vao laboral
3. Vao temporal
4. Vao provisional

ARTIGO 90

A) Outorgarase licenza de vao permanente para acceso a inmobles durante as 24 horas do día, nos seguintes casos:

- Locais destinados a garaxes públicos con capacidade superior a dez prazas e a garaxes privados con capacidade para un mínimo de catro prazas.
- Terreos con vivendas unifamiliares.
- Edificios ou instalacións de equipamento comunitario de carácter sanitario: hospitais, ambulatorios, etc.
- Edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza o esixa.
- Estacións de servizo ou establecementos que dispoñan de licenza de actividade e presten servizos permanentes de urxencia.
- Aqueles outros supostos en que o informe da Policía Local sexa favorable, atendendo á actividade desenvolvida, á situación, á intensidade do tráfico e, en xeral, á utilidade pública da instalación.

ARTIGO 91

Naqueles casos non previstos no artigo anterior, poderá outorgarse licenza de vao permanente sempre que circunstancias extraordinarias e específicas así o aconsellen, logo dun expediente administrativo tramitado para ese efecto e finalizado con resolución expresa.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ARTIGO 92

Enténdese por vao laboral o que ten a súa efectividade en días e horas laborais, excluídos, por tanto, domingos e festivos.

Indicarase cunha placa regulamentaria, acompañada dunha placa complementaria de 30 cm por 15 cm de altura na que figuren as horas e os días en que é efectivo.

O vao laboral será outorgado nos seguintes supostos:

- a) Taller de reparación de vehículos: mecánicos, eléctrico, chapa e pintura.
- b) Almacéns de empresas e similares logo da licenza municipal de actividade.
- c) Concesionarios de automóviles, incluídos os dedicados a exposición e venda, que gocen de licenza municipal de apertura.
- d) Outras actividades de análogas características ás reflectidas neste apartado.

ARTIGO 93

O vao temporal será outorgado para o acceso ás obras de edificios de nova construción, logo da licenza municipal concedida para ese efecto.

A súa duración axustarase á da obra, quedando obrigado o solicitante á devolución da placa sinalizadora.

Non concede o dereito para almacenar materiais de tipo ningún na beirarrúa ou vía pública.

ARTIGO 94

A licenza de vao provisional será concedida nos casos seguintes:

- a) Minusvalía acreditada por un certificado médico da Xunta de Galicia do 70% ou superior e que teña impedimento de mobilidade ou usuario de transporte público.
- b) Esta autorización terá validez sempre que permanezan as circunstancias que xerasen a solicitude, quedando obrigado o solicitante-titular a presentar anualmente o certificado da Xunta de Galicia así, como a dar conta nestas dependencias municipais de calquera alteración á petición realizada (familiares).
- b) Esta licenza poderá ser tamén concedida nos casos en que, non cumprindo coa superficie esixida, se demostre mediante un certificado da Xunta de Galicia a dependencia de asistencia diaria a residencia, hospital, clínica, etc., sendo necesario o uso do vehículo por mobilidade.
- c) Concederase licenza de vao provisional nos casos de roubo da placa identificativa (debidamente acreditado mediante denuncia), deterioración ou dificultade de identificación desta mesma por actos vandálicos.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

Concederáse esta licenza en casos análogos ou que, polas súas circunstancias, así sexa necesario, logo dun informe municipal

Esta sinalización de vao provisional será de cor diferente (vermella, verde, etc.) e levará implícito o anagrama de referencia.

ARTIGO 95

Os rebaxes de bordo serán executados logo dunha licenza municipal de acordo coa normativa vixente e reflectido no Plan Xeral de Ordenación Urbana, quedando obrigado o solicitante para dar conta na Concellería de Tráfico e Seguridade, do comezo das obras para realizar para o seu control e seguimento.

O rebaixe de bordo outorgarase nos seguintes casos:

- a) Garaxes comunitarios (planta baixa e sotos).
- b) Garderías públicas de vehículos, logo da autorización municipal respecto diso (licenza de apertura).
- c) Talleres de toda as especialidades, logo da licenza municipal concedida para ese efecto (licenza de apertura).
- d) Nos casos en que figure no proxecto presentado e aprobado pola comisión correspondente.
